

# Polideportivo

## SQUASH

HOXE - LUGO - 1º PROBA DO CIRCUITO GALEGO JÚNIOR



### SURF

## Esteiro Sur Open en Xove

Un cento de surfistas participan esta fin de semana neste campionato nacional que consta de seis sedes. Esta será a única da proba da LIGASURF que se celebrará en Galicia

### PIRAGÜISMO

## III Regata do Provincial en Ribadeo

170 padelexeiros de seis equipos da Provincia de Lugo participan na terceira Prova que se levará a cabo na enseada de Vilavella a partir das 15:30 horas

## Partidos destacados

**Mañá 16:30 h.** FÚTBOL SALA  
Copa Xuvenil, Prone - Begonte FS

**Hoxe 18:30 h.** FÚTBOL SALA  
Copa Xuvenil, 5 Coruá - Burela FS

**Mañá 11:30 h.** FÚTBOL  
Fase ascenso 2ºB, Levante At. - RC Villalbés

**Mañá 12:00 h.** FÚTBOL SALA  
Copa Cadete, Burela FS - Lugo Sala

### CICLISMO

## Gran Premio San Roque de Viveiro

Máis de 250 ciclistas participan nesta proba con circuitos adaptados ás diferentes categorías de menores. A competición arrinca hoxe ás 11:00 horas



## BILLAR

### COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Liga Bola 9	Antonio Martínez	Omar Engroba	Hoxe
Liga Bola 9	David Mosteiro	Andrés Varela	Hoxe
Liga Bola 9	Édgar Redondo	Javier Vázquez	Hoxe
Liga Bola 9	Victor Castro	Jose Capón	Hoxe
Liga Bola 9	Jorge Blanco	Joaquín de Santiago	Hoxe
Par 1ª	Raposo/Édgar	Damián/Rubén	Hoxe
Par 1ª	Asier/Doval	Marcos/Iván	Hoxe
Par 1ª	Joaquín/Omar	Jorge/Rubén	Hoxe
Par 1ª	Andrés/Díaz	Victor/Álex	Hoxe
Par 2ª	Nery/Oscar	Carlos/Javier	Hoxe
Par 2ª	Aaron/Manuel	Marco/Daniel	Hoxe
Par 2ª	Laura/Jessica	Yeison/Antón	Hoxe
Par 2ª	Iria/Mikel	Daniel/Miguel	Hoxe
Ind. 2ª	Marcos González	Jose Capón	Hoxe
Ind. 2ª	Iván Rey	Jorge Blanco	Hoxe
Ind. 2ª	Alejandro Doval	Omar Rajal	Hoxe
Ind. 2ª	Andrés Varela	Jose M. Díaz	Hoxe
Ind. 3ª	Samuel Yanes	Jose Sampayo	Hoxe
Ind. 3ª	Mar Expósito	Jaime Fontal	Hoxe
Ind. 3ª	Roberto Cardero	Justo Rguez	Hoxe
Ind. 3ª	Ángel Doural	Carlos Vázquez	Hoxe
Ind. 3ª	Juan Vázquez	Jose Cazón	Hoxe
Ind. 3ª	Amalia Buide	Rubén Fdez	Hoxe
Ind. 3ª	Luis M. Barreira	Borja Argerrey	Hoxe



## DARDOS

### COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Gallega 1	K2 Breogán	Barbantia	Mañá
Gallega 3	A Veiga	Smartdarts	Mañá
Gallega 6	Pipoka Team	Os Renacidos	Mañá
Gallega 6	Os Renacidos	Pipoka Team	Mañá
Gallega 7	Chacaritas	A Bichería	Mañá
Gallega 7	A Bichería	Chacaritas	Mañá
Gallega 7	Ruxedarts	Ferlos	Mañá
Gallega 8	Gaucho Darts	Master Darts	Mañá
Gallega 9	Pub Tibor	Politécnica	Mañá
Gallega 9	Politécnica	Pub Tibor	Mañá
Gallega 10	Os de Sempre	Dispao B	Mañá
Gallega 13	Perfil	Muelle 43	Mañá
Gallega 14	Amigos da Lacra	Os do Tiempos	Mañá
Gallega 14	Bar Mario	Darderos de Vigo	Mañá
Gallega 15	Os de Monforte	Orendarts	Mañá
Gallega 15	Titanes	Gaucho Darts	Mañá
Gallega 17	Rocketeam	Aritmika	Mañá
Gallega 17	Drink Darts	A Chozo	Mañá
Gallega 17	Venus	Breogán	Mañá
Gallega 18	Bar Gaucho	Tira Flechas	Mañá
Gallega 18	O Braseiro	Somos Nostrum	Mañá
Gallega 19	Club Náutico	A de Pili	Mañá
Gallega 19	Novo Carabelo	Chester Darts	Mañá
Gallega 20	Carabelos	Os de Lugo	Mañá
Gallega 20	La Oficina	Planta Baja	Mañá
Gallega 20	Breogán II	Paradela Darts	Mañá
Gallega 21	Bar Cheko	Somos Galegos	Mañá
Gallega 22	Abella	Triple 21	Mañá
Gallega 22	Tiempos 2018	As Darderas	Mañá
Parejas A	Manu/Chan	O Chao	Mañá
Parejas A	Dani/Danis	No se Aplaza	Mañá
Parejas A	Juver/Abuelo	Os Bichos	Mañá
Parejas A	Roxo/Piplus	Los Tramaos	Mañá
Parejas B	Richi/Karlos	Blues Brothers	Mañá
Parejas B	Monopoly	Adrián/Mera	Mañá
Parejas B	Tiempos	Valla Dos	Mañá
Parejas B	Ruxedarts	Chacaritas	Mañá
Parejas C	A Veiga	Damián/Pereiras	Mañá
Parejas C	Bar Mario	Victor/Jorge	Mañá
Parejas C	Perfil/Ríos	Bolas de Cristal	Mañá
Parejas C	O Braseiro	Os Novos	Mañá
Parejas D	As Lacras	Os Abuelos	Mañá
Parejas D	Canadienses	Os de Monforte	Mañá
Parejas D	Dami/Samuel	Nessa/Itas	Mañá
Parejas D	Manu/Camba	Tiempos Vou	Mañá



## CICLISMO



### Hoxe. Viveiro GRAN PREMIO SAN ROQUE

Máis de 250 rapaces de toda Galicia, Asturias e Cantabria participan neste premio ciclista organizado polo Club Ciclista de Viveiro, con circuitos adaptados ás diferentes categorías de menores. A xornada comezará ás 11:00 horas no circuíto para alevíns e infantís, que terán que completar sete e quince voltas ao trazado marcado no alto do monte de San Roque.

Pola tarde, a partir das 15:30 horas, será a quenda para o resto das carreiras ciclistas. A ruta dirixida aos xúns terá un percorrido de case 50 quilómetros, co punto máis alto situado a 428 metros sobre o nivel do mar. A proba cadete, que será puntuable para o Trofeo Astur Cántabro Galego da categoría, ten un trazado de case 44 quilómetros cunha altitude máxima de 352 metros.



## FÚTBOL SALA

### Hoxe. Pazo de Feiras e Congresos CLÍNICA DE ENTRENADORES DE FÚTBOL SALA

O Pazo de Feiras e Congresos de Lugo acolle a segunda edición deste clinic organizado por ADC Lugo Sala que contará coa presenza de relatores de destacada relevancia no panorama español que compartrarán os seus coñecementos en distintos ámbitos, o deporte de elite, o traballo cos porteiros, a psicoloxía e o coaching deportivo e o traballo coa base e a formación.

Na nómina de participantes, os adestradores de Burela Pescados Rubén, Juanma Marrube; de Jaén Paraiso Interior, Dani Rodríguez; Marc Carmona, do FC Barcelona; Diego Gacimartín, do Naturpeltet Segovia, ademais de Dani Díaz, preparador físico, recuperador de lesións e adestrador de ADC Lugo Sala.

### Hoxe e mañá. Burela FASE FINAL COPA GALEGA XUVENIL

O pavillón Vista Alegre é o escenario da Copa Galega Xvenil de fútbol sala, organizada pola Real Federación Galega de Fútbol e o Pescados Rubén Burela FS.

A cita arrincará esta tarde co enfrontamento entre o Prone Lugo FS, campión de Liga Autonómica, e o Concello de Begonte FS, cuarto clasificado. Despois, será a quenda dos anfitrións laranxas, coa terceira praza, que se medirán a Academia Red Blue 5 Coruña FS.

O campión da competición decidírase mañá, a partir das 18.00 horas, no enfrontamento entre os dous gañadores das semifinais.

### Mañá. Lugo FASES FINAIS COPA GALEGA CADETE E INFANTIL

A cidade de Lugo acollerá as fases finais da Copa Galega das categorías infantil e cadete, organizadas pola Federación Galega de Fútbol e ADC Lugo Sala.

Durante a mañá, a Casa do Deporte acollerá as semifinais entre 5 Coruña FS e Lugo Sala, e Cidade de Narón e O Parrulo Rubén, na categoría infantil. Na cadete, enfrontaranse O Parrulo Ferrol e 5 Coruña FS, ás 12; e Pescados Rubén Burela e Lugo Sala.

Á tarde, disputaranse as finais no Pazo dos Deportes, ás 17:30 horas, a infantil, e ás 18:45, a cadete.

### COMPETICIÓN FÚTBOL SALA

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Xuv. Copa	Prone	Begonte FS	V. Alegre	Hoxe 16:30h
Xuv. Copa	5 Coruña	Burela FS	V. Alegre	Hoxe 18:30h
Cad. Copa	Burela FS	Lugo Sala	C. do Deporte	Mañá 13:15h
Cad. Copa	O Parrulo	5 Coruña	C. do Deporte	Mañá 12:00h
Inf. Copa	Cidade Narón	O Parrulo	C. do Deporte	Mañá 10:45h
Inf. Copa	5 Coruña	Lugo Sala	C. do Deporte	Mañá 9:30h



## PIRAGÜISMO



### Mañá. Ribadeo III REGATA LIGA PROVINCIAL

170 padexeiros de seis equipos da Provincia participan na terceira proba da VII Liga Provincial de Lugo, que se celebrará na ensenada de Vilavela, en Ribadeo.

A competición comezará ás 15:30 horas coa saída das categorías alevín e benxamín. A última regata do día está prevista para as 17:35 horas. A clasificación xeneral da Liga está encabezada polo Club Cidade de Lugo, con 4517 puntos, segundo con 4411 puntos está Club Fluvial de Lugo, e terceiro Club Kayak de Foz con 1599 puntos.



## PÁDEL

### Hoxe e mañá PLAY OFFS ASCENSO

Esta fin de semana dispúntanse os encontros de volta dos Play Offs de Ascenso nas distintas categorías da Liga Galega por Equipos, coa participación de catro clubs lucenses

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Asc. 2ª Div.	Bitácora	Club Lucense	Mañá 18:00h
Asc. 2ª Div.	Club Muralla	Family Padel	Hoxe 14:00h
Asc. 2ª Div	Boiro	PCR Ribadeo	Mañá 18:00h
Perm. 2ª Div.	Óptica Lopsy	Cómic +qpadel	Mañá 11:30h



## BALONCESTO



### Desde mañá ata o 16 de xuño. Marín CAMPIONATO DE ESPAÑA INFANTIL MASCULINO

O Estudiantes Lugo representará ao baloncesto provincial na máxima competición estatal, na que se fixo un oco como campión galego.

A competición, que reúne aos 32 mellores equipos españois da categoría, comezará mañá coa disputa da fase de grupos. Nesa primeira fase, o conxunto celeste -encadrado no Grupo F- terá como rivais a CP La Roda, Aranguren Multibasket Azul e ao campión vasco.

O debut dos lucenses será mañá contra CP La Roda. Luns e martes disputarán os outros dous partidos desta fase inicial da competición, na que estarán en xogo unha praza para as eliminatorias de oitavos de final, a disputar o mércores. O campión coñecerase o vindeiro sábado 16 de xuño.

### COMPETICIÓN BALONCESTO

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª Inf. M.	Cidade	Peteleiro B	Anexo	Mañá 19:00h
2ª Inf. F.	Ac. A Mariña	Montrove	Vista Alegre	Hoxe 12:00h



# CORRE CON NÓS



2018

- PARQUE DE FRIGSA -



## LONGA VIDA E SÁUDE AO CORRE CON NÓS

O circuito Popular chega a súa última cita da tempada en plena forma. Participantes como Jesús Bernal fan desta proba algo único na que se citan nenos, adultos, profesionais, amateur e veteráns baixo un mesmo patrón deportivo



**"O Concello aposta decididamente polo deporte lucense a través da achega dun presuposto orzamentario importante"** Miguel Fernández

## ENTREVISTA “DENDE O CONCELLO”

MIGUEL FERNÁNDEZ

# «O deporte é unha marca para Lugo»

**O CONCELLEIRO DE DEPORTES** repasa o xa histórico 2018 a nivel deportivo para a cidade de Lugo, e no que o Corre con Nós se fixo maior de idade ao completar 18 edicións



**O 2018 no deportivo pasará a historia de Lugo cos ascensos de Breogán, Ensino e Emevé, como se valora dende o Concello este éxito?**

É certo que este foi un ano de moitos éxitos a nivel colectivo e tamén individual, coma o caso de Jorge Prado, Miguel González e moitos deportistas de outras categorías que acadaron tanto campionatos galegos como a

nivel estatal. Isto deixa entrever o exhaustivo traballo que están a facer os diferentes clubs, con moita profesionalidade a través do seu persoal técnico, acadando así bos resultados.

**Que peso ten o deporte dentro da acción de Goberno?**

O Concello aposta decididamente polo deporte a través da achega dun

presuposto orzamentario importante, pois entendemos que as diferentes disciplinas deportivas son saúde, educación e un escaparate da cidade. Deste xeito tamén transmiten os valores necesarios para a nosa xuventude, como o caso da integración, de diferentes rapaces e rapazas da cidade, que están a facer os diferentes clubs da cidade.

**O deporte en xeral é unha boa marca para Lugo por toda España?**

O deporte é, por suposto, unha boa marca para a cidade e un escaparate de Lugo por toda España en diferentes eventos deportivos que se celebraron, como a Copa Príncipe de Baloncesto, a Copa Princesa de Volley, a Copa Princesa de Hockey Liña, a Media Maratón, o Corre con Nós e a celebración do World Padel Tour, o vindeiro mes de setembro, no que durante uns días, Lugo

será un referente a nivel nacional e internacional neste deporte.

**A piques de finalizar a XVIII Edición do Corre con Nós, que valoración se pode facer?**

A valoración é moi positiva, pois falamos dun evento deportivo consolidado que xa chega a edición número 18 e que cada ano supera o número de participantes. Ademais, incorpóranse novidades e suxerencias para que cada edición sexa máis participativa e integradora, poñendo en valor o deporte desta cidade.

**O Corre Con Nós abriu o camiño para que Lugo sexa unha cidade con runners por todo o entorno e incluso o centro da cidade?**

É doado comprobar como na cidade de Lugo hai moitos afeccionados ao running e ás carreiras populares, e entendemos que, o Corre Con Nós,

obedece a dous ámbitos; por unha banda, ao gran traballo dos diferentes clubs e colexios e, pola outra, ao feito de contar cun entorno natural privilexiado que favorece á práctica deste deporte, para todas as idades.

**Probas consolidadas e referentes coma o Corre con Nós son reflexo da boa saúde do deporte lucense?**

Como dicíamos, o deporte lucense está a vivir unha época de ouro da que as diferentes institucións como Concello e Deputación son participantes a través da aposta decidida de potenciar, desenvolver e apoiar o deporte de base e as categorías inferiores.

**Categorías de familias, colexios, equipos, mixtos, masculinos e femininos de todas as idades, todos teñen cabida no Corre con Nós?**

Dentro das novidades que incorporamos

na última edición do Corre Con Nós, ademais das puramente técnicas, realizáronse unhas modificacións co fin de abarcar familias e colexios e incluso unha clasificación final compensada mediante a cal calquera corredor, independentemente da súa idade ou sexo, poida ser o vencedor.

**A través de competicións como o Corre con Nós chega moita xente da fora a Lugo e coñece o entorno da Cidade. Esta proba, e o deporte en xeral, axudan a dinamizar máis sectores?**

O sector turístico é fundamental no desenvolvemento social e económico da cidade, polo que contribuímos a través da realización de diferentes eventos deportivos que atraen visitantes e supoñen un retorno económico e unha labor de promoción e coñecemento da cidade.

**Arde Lucevs MMXVIII**

**II MVRVS LVCIS**  
“Castrexos vs Romanos”

**Venres 15 de xuño**  
23:59 h. // Adarve da muralla

Inscripcións e regulamento ata 11 de xuño en  
[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)


Organiza: Concello de Lugo

Colabora: Forus

Ven; es Lugo


## RECORRIDO "PARQUE DE FRIGSA"

### MINIBENXAMÍN • 250 metros




**MINIBENXAMÍN** (2011 ata 2013)  
 10/06/2018 || 11:00 h.  
 DISTANCIA 250 metros

### BENXAMÍN E ALEVÍN • 750 metros



**BENXAMÍN** (2009/2010) E **ALEVÍN** (2007/2008)  
 10/06/2018 || 11:10 h.  
 DISTANCIA 750 metros

### INFANTIL E CADETE • 1550 metros



**INFANTIL** (2005/2006) E **CADETE** (2003/2004)  
 10/06/2018 || 11:20 h.  
 DISTANCIA 1550 metros

### ADULTOS • 5500 metros



**ADULTOS** (2002 e anos anteriores)  
 10/06/2018 || 12:00 h.  
 DISTANCIA 5500 metros

#### RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS

Hoxe (pola mañá) na tenda de deportes NDORFINA SPORTS ( Campo Castelo Nº57. Lugo ), no seu horario comercial.  
 IMPORTANTE: NON SE ENTREGARÁN DORSAIS O MESMO DÍA DAS CARREIRAS POR CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS.

#### DUCHAS

Haberá duchas a disposición dos participantes na **Piscina de Frigsa**.

# A veteranía tamén é un g

## ATLETAS VETERANOS COMPITEN EN CADA PROBA na que buscan sup

1. Cando comezache a correr? | 2. Participache en tódalas edicións do Corre con Nós? | 3. Que ten de especial o Corre con Nós? | 4. Cal foi a proba que máis che gustou ata agora desta edición? | 5. Que destacarias da proba do Parque de Frigsa en relación ás

### JESÚS BERNAL • Veterán +70

NOCTURNA M.	RÍO RATO	CC AS TERMAS	PASEO OMBREIRO	FEIRAS EXPOSICIÓNS
POSTO 657	POSTO 518	POSTO 492	POSTO 473	POSTO 317
POSTO SEXO 504	POSTO SEXO 409	POSTO SEXO 94	POSTO SEXO 376	POSTO SEXO 261
POSTO V. +70 1	POSTO V. +70 1	POSTO V. +70 1	POSTO V. +70 1	POSTO V. +70 1
TEMPO 00:21:17	TEMPO 00:27:19	TEMPO 00:26:14	TEMPO 00:32:45	TEMPO 00:33:15

**1.** No ano 1997, fai xa 20 anos, cando miña nai faleceu. Meu pai, Julián Bernal, e eu, estabamos moi afectados, e grazas ao deporte atopamos unha vía de escape que nos axudou a superar pouco a pouco esa tristeza.

**2.** Participei nas primeiras, pero por culpa dunha lesión de cadeira falei nalgunha. Meu pai si que estivo en todas ata o seu falecemento, aos 91 anos.

**3.** Considero que ten carreiras con distancias asequibles para todas as idades, pudiendo elixir entre competir nas diferentes categorías, según a idea, ou realizar percorridos por simple diversión.

**4.** Creo que mellorou moitísimo, sobre todo no ámbito feminino. Nas primeiras edicións a participación de mulleres era moito máis escasa, mentres que agora é numerosa e de calidade.

**5.** A boa organización, por exemplo, e tamén a diversidade de lugares elixidos, onde se pode disfrutar das paisaxes en parques e paseos. Ademais da alternancia de superficies, como asfalto, cemento, area, e o paso por algunhas pontes.

**6.** Todas as probas teñen os seus aspectos positivos, polo que é difícil escoller só unha. Q u e -



dome coas distintas sensacións que se experimentan participando en cada unha delas.

**7.** Ao seu comezo, combina subidas e baixadas nun tramo circular con moitas árbores a ambas marxes da calzada, despois xira a unha inmensa recta de ida e volta totalmente chá para chegar á meta. Os que buscan clasificación teñen aí a súa última oportunidade, xa que o circuito finaliza.

**8.** Hai anos, con meu pai, efectuábamos adestramentos potenciando as cualidades necesarias según as características de cada carreira. Agora, coa prótesis na cadeira, limitome a cuidarme moito, como sempre fixera. Realizo unhas tres carreiras á semana, o meu récord está en 160 ao ano, e trato de quencer e estirar antes de cada unha.

**9.** A da tempada 2009/2010. Meu pai correu a probas do Estadio Gregorio Pérez e a Nocturna de Reis. Faleceu a semana que correspondía á carreira do paseo do Rato e, antes da mesma, fíxoselle unha emotiva homenaxe.

### TERESA CORRAL • Veterana +50

NOCTURNA M.	RÍO RATO	CC AS TERMAS	PASEO OMBREIRO	FEIRAS EXPOSICIÓNS
POSTO 311	POSTO 220	POSTO 492	POSTO 148	POSTO 119
POSTO SEXO 26	POSTO SEXO 15	POSTO SEXO 94	POSTO SEXO 9	POSTO SEXO 11
POSTO V. +50 4	POSTO V. +50 3	POSTO V. +50 1	POSTO V. +50 1	POSTO V. +50 2
TEMPO 00:16:17	TEMPO 00:20:42	TEMPO 00:26:14	TEMPO 00:24:41	TEMPO 00:25:51

**1.** Fai vinte anos, polo entorno do Club Fluvial e o Monte Segade. Pouco a pouco fun coñecendo xente que me animou a competir, algo que fixen cando comezou o Corre con Nós. A primeira carreira de 10 km que fixen foi a primeira edición de Lugo Monumental, en 2002, e participei en tódalas edicións.

**2.** Si, a miña primeira carreira foi no Corre con Nós.

**3.** É un circuito gratuito, que se desenvolve na cidade na que vivimos, a maioría dos participantes somos de aquí, e iso, sobre todo ao principio, anima. As distancias e os percorridos son asequibles a tódolos niveles. Ao haber tantas categorías xérase unha incertidume de quen gañará que non se resolve ata o final, polo que hai moitas expectativas. Por outro lado, as carreiras infantís animan moito o circuito, crean moito espírito deportivo nos máis novos e levan aos pais a participar, e ao revés.

**4.** Mo bo, cada vez millor. A nivel popular cada vez adestra máis xente de tódalas idades e, en competición, ao atleta lucense hai que telo en conta. Lugo sempre tivo xente de alto nivel, destacados polos seus éxitos.

**5.** Sobre todo que ten lugar na cidade onde vivo, por distintas zonas, ás cales pode ir correndo dende

casa. Serve de adestramento e ten un ambiente especial, con xente que aparece nova, a que vai evolucionando.

**6.** É un proba decana do Corre con Nós, presente en tódalas edicións e a última do circuito, na que moitas veces se deciden as clasificacións, con dúas voltas rápidas e amenas, xa que permite que os participantes nos vexamos. Ata o ano pasado, ao finalizar, entregábanse premios e a correspondente camiseta, algo que a facía máis especial.

**8.** Non fago unha preparación específica. Durante a temporada participo en carreiras máis longas, para as que si que realizo un adestramento máis concreto, as competicións de Corre con Nós sêrvenme de preparación para distancias máis longas. Dende sempre, adáptome mellor ao fondo que á velocidade.

**9.** A primeira na que participei, gañei os primeiros trofeos e outros regalos, o que me fixo ilusión. Tamén recordo a edición na que se implantou o sistema de cronometraxe que existe agora, algo novidade non si en Lugo, senon en tódalas carreras, a partir de aí comezou a aumentar a participación.

Outra edición especial foi a 2014/2015, por circunstancias non contaba participar, pero conseguín completar o circuito e significou moito para min.

do Río Rato. É unha carreira rápida, con espazo para adiantar. O percorrido é recto e con un bo cambio de sentido, ademais vémonos ao cruzarnos, o que o fai máis ameno. A distancia é boa para este tipo de carreiras, e non hai doblados.

É a proba decana do Corre con Nós, presente en tódalas edicións e a última do circuito, na que moitas veces se deciden as clasificacións, con dúas voltas rápidas e amenas, xa que permite que os participantes nos vexamos. Ata o ano pasado, ao finalizar, entregábanse premios e a correspondente camiseta, algo que a facía máis especial.

**8.** Non fago unha preparación específica. Durante a temporada participo en carreiras máis longas, para as que si que realizo un adestramento máis concreto, as competicións de Corre con Nós sêrvenme de preparación para distancias máis longas. Dende sempre, adáptome mellor ao fondo que á velocidade.

**9.** A primeira na que participei, gañei os primeiros trofeos e outros regalos, o que me fixo ilusión. Tamén recordo a edición na que se implantou o sistema de cronometraxe que existe agora, algo novidade non si en Lugo, senon en tódalas carreras, a partir de aí comezou a aumentar a participación.

Outra edición especial foi a 2014/2015, por circunstancias non contaba participar, pero conseguín completar o circuito e significou moito para min.



# rado no Corre con Nós

berarse persoalmente, pero sen esquecer o factor competitivo

s con respecto a outras competicións? | 4. Como ves o nivel do atletismo lucense? | 5. Que te motiva a participar ano tras ano?  
s outras? | 8. Como te preparas para cada carreira? | 9. Recordas algunha edición de maneira máis especial que o resto?

## JAVIER TORO • Veterán +60

NOCTURNA M.	RÍO RATO	CC AS TERMAS	PASEO OMBREIRO	FEIRAS EXPOSICIÓN
POSTO 62	POSTO -	POSTO 50	POSTO -	POSTO -
POSTO SEXO 61	POSTO SEXO -	POSTO SEXO 50	POSTO SEXO -	POSTO SEXO -
POSTO V. +60 1	POSTO V. +60 -	POSTO V. +60 1	POSTO V. +60 -	POSTO V. +60 -
TEMPO 00:13:33	TEMPO -	TEMPO 00:17:44	TEMPO -	TEMPO -

1.

Máis ou menos aos 40 anos, compaxinando co ximnasio ata que, animado por uns amigos, pasei a facerlo dunha maneira máis constante, comezando a competir.

2.

Sí, dende o seu inicio. É un circuito que revolucionou totalmente o atletismo en Lugo dunha maneira moi relevante. A participación vai en

aumento cada ano e a organización vai mellorando cada temporada.

3.

É un día festivo para os corredores. Facémolo no nosa cidade e chega xente doutras partes da Provincia e de fóra dela. Atópamonos con amigos e coñecidos e pasamos o día dunha forma agradable.

4.

Considero que sempre foi alto para ser Lugo unha cidade pequena e no contar con ningún apoio políclico ou social -aínda molesta que se pechen rúas un domingo ás 10 da mañá-. O atletismo e Lugo aumentou en cantidade e en calidade, tanto en homes coma en mulleres. Entréñase moito pese ás dificultades, os horarios de traballo, a climatoloxía... Pero ao facelo con gusto non nos podemos queixar. Eu, persoalmente, boto en falta a participación a nivel nacional de algúns corredores lucenses.

5.

Ademais de atoparme con amigos o que máis me motiva é que

nas datas nas que se celebra estamos en plena temporada e serve de preparación para outras competicións. Para min especialmente vaime moi ben, ao ser carreiras curtas.

6.

A do río Rato, é unha proba moi rápida en un entorno natural moi agradable, cunha boa zona de estacionamento e para quencer antes da carreira.

7.

É, xunto coa Nocturna, a que máis participación acostuma a ter. Unha por ser a que inicia o circuito, o seu trazado e anoite danlle un toque especial. Esta última carreira, practicamente cha, supón o fin da temporada para moitos, co comezo da recuperación para a vindeira edición.

8.

A preparación é a normal para a temporada, dependendo do calendario de carreiras que teña previsto. Agora practicamente todos temos algunha persoa que nos asesore, algo moi necesario para tódolos niveis.

9.

Os recordos das primeiras edicións, os poucos que éramos. A chegada do Champion Chip, coa cronometraxe ao momento e, sobre todo, as edicións nas que coincidía na categoría con Fernando Porto.

## JOSE MANUEL ALONSO • Veterán +55

NOCTURNA M.	RÍO RATO	CC AS TERMAS	PASEO OMBREIRO	FEIRAS EXPOSICIÓN
POSTO -	POSTO 241	POSTO 294	POSTO 367	POSTO -
POSTO SEXO -	POSTO SEXO 219	POSTO SEXO 270	POSTO SEXO 323	POSTO SEXO -
POSTO V. +55 -	POSTO V. +55 11	POSTO V. +55 17	POSTO V. +55 18	POSTO V. +55 -
TEMPO -	TEMPO 00:25:47	TEMPO 00:21:46	TEMPO 00:29:07	TEMPO -

1.

Creo que foi polo ano 1988, cando deixei de facer outras actividades deportivas, como taekwondo ou fútbol, por problemas nos xeonllos.

2.

Efectivamente, participei en todas, aínda que por algún compromiso ou por algunha lesión non puideron correr en tódalas probas.

3.

Atópaste con xente que coñeces, e atletas de tódolos niveis. Ademais, as probas transcorren por lugares diferentes e por percorridos curtos, o que fai que poidan participar persoas que teñen menos tempo para adestrar.

4.

Creo que hai moi bo nivel, con moita caniteira de xente nova con calidade, algunha xa moi coñecida a nivel nacional, que fai moi boas marcas.

5.

O feito de que sexan carreiras na cidade, con moita participación e en lugares moi bonitos. Tamén, que sexa sempre o mesmo percorrido é algo que me motiva para procurar facer un mellor tempo ano a ano.

6.

A do Río Rato, son 6 quilómetros nunha paisaxe moi fermosa pola que adoito adestrar.

7.

É unha carreira rápida, para facer boas marcas, polo que na clasificación, tanto a nivel individual coma por equipos, pódense mellorar os postos. Por outro lado, é posiblemente a que máis participación ten.

8.

Antes era diferente, porque adestraba seis días á semana, con distintos tipos de preparación. Agora trato de adestrar catro días, facendo menos quilómetros, xa que non teño o obxectivo de facer marcas.

9.

Creo que a primeira, por ser a novidade. Era a primeira vez que se facía con este formato a nivel nacional, sendo copiado posteriormente noutras cidades.



## REPORTAXE EQUIPO

CLUB FLUVIAL MONTE SEGADE



# Veteranía no Corre con Nós

O FLUVIAL MONTE SEGADE destaca polo gran nivel competitivo nas categorías de veteranos. O equipo masculino podería repetir como campión tras a derradeira proba

O Fluvial de Lugo Monte Segade chega á carreira de mañá, a derradeira do círculo, no primeiro posto da súa categoría despois dos bos resultados que lograron en relevos o pasado mes de maio na proba do Recinto Feiral; e o feminino, terceiro.

O equipo masculino chega á carreira de mañá, a derradeira do círculo, no primeiro posto da súa categoría despois dos bos resultados que lograron en relevos o pasado mes de maio na proba do Recinto Feiral; e o feminino, terceiro.

Desde que se puxo en marcha a clasificación por equipos, os do club sempre figuraron no podio das súas respectivas categorías e, de manter a primeira posición, neste caso, o masculino repetiría como campión.

**Medio cento de corredores e corredoras compiten nesta edición Corre con Nós cos equipos do Fluvial Monte Segade**

Iso, malia que a distancia das carreiras é un hándicap para algúns integrantes do club. *"La mayoría somos corredores veteranos, estamos acostumbrados a entrenamientos de diez o doce kilómetros y tenemos resistencia, pero en distancias más cortas, de 6 kilómetros, sufrimos mucho más. La resistencia no es suficiente, hay*

*que andar muy vivo. Nos vendría bien alguna prueba más larga. Solo tres de los más de ciento que somos tienen menos de 35 años"*, sinala Alejandro Cuadros, secretario da entidade.

O club reúne, de feito, algúns dos mellores atletas veteranos da provincia. O pasado 20 de maio, Higinio Rodríguez Souto logrou o sétimo posto na proba de 10 quilómetros en ruta no Campionato de Europa Máster, en Alicante, no que tamén estiveron José Manuel Rodríguez Espiñeira e Isidoro Feijoo Ansean -todos eles inscritos tamén este ano no Corre con Nos-.

Os dorsais do Club Fluvial de Lugo son habituais tanto das competicións como das probas populares en maratóns e media maratóns de toda Galicia, pero tamén viaxan a outras cidades españolas -o ano pasado, por exemplo, participaron na Maratón de Valencia.

Na axenda teñen tamén a vindeira edición da Behobia de San Sebastián, unha carreira emblemática de 20 quilómetros de percorrido que se celebra en novembro e para a que xa preparan unha viaxe en grupo.

Os atletas do Club Fluvial experimentaron en primeira persoa o auxe do deporte en xeral, e do running, en particular, *"si lo piensas es un deporte barato, solo necesitas unas zapatillas. Puedes salir de día, de noche, solo, en grupo, y en Lugo tenemos unos sitios maravillosos para entrenar"*, reflexiona Alejandro Cuadros.

Este crecemento do número de afeccionados notouse tamén na afiliación ao club que pasou da trintena de persoas do inicio, aos máis de cen que o forman agora.

No seu caso, os corre-

**"Nos vendría bien alguna prueba más larga. Tenemos resistencia, pero en pruebas cortas sufrimos"**

dores organizanse en distintos grupos, segundo os horarios laborais de cada quen, para saír entrenar durante a semana. *"La mayoría entrenan lunes, miércoles, viernes y domingo"* O domingo cítanse na entrada do Club Fluvial e saen nun grupo máis numeroso. Como socios do club, disfrutaban ademais de todas as instalacións deportivas coas

que conta o centro, reformado e ampliado a finais de ano, e das actividades que organiza a entidade, a de maior número de socios de toda a provincia.

No entanto, a chegada do bo tempo, vai metendo na axenda da fin de semana outros deportes ademais do atletismo. Moitos cambian os entrenamentos polas saídas en bicicleta. *"Creo que esto también puede afectar al número de corredores que participan en las últimas pruebas del circuito Corre con Nos. En octubre o noviembre, hay menos opciones"*, explica.

Outra das modalidades que gaña adeptos dentro do club son as carreiras de montaña *"sobre todo entre las chicas. Hay un grupo que ha participado ya en varias pruebas, como la CAMOVI o el Trail Adeas do Courel"*, explica Alejandro Huertas.



## REPORTAXE COLEXIO

CLUB ATLETISMO FRANCISCANOS LUGO

# Franciscanos reivindica o deporte escolar, tamén no circuío Corre con Nós

Entre os protagonistas habituais do Corre con Nós, en cada edición, encontramos a Franciscanos, un exemplo de simbiose entre colexio e club. A gran maioría dos 73 nenos e nenas que forman parte da sección de atletismo veñen participando nas carreiras.

## Corre con Nós, porta de entrada ao atletismo

*"A nosa intención non é pelexar a clasificación por colexios, nin por equipos. As carreiras do Corre con Nós son un complemento aos programas de adestramento que seguimos para preparar as probas de atletismo en pista, e tamén un medio para traer aos máis pequenos a este deporte. Son carreiras curtas, adaptadas ás súas idades, que lles serven como unha primeira toma de contacto con este deporte, pásano ben, e boa parte deles acaban incorporándose á sección de atletismo",* comenta Manuel Hurtado.

Ademais desta influencia positiva sobre o club, o adestrador e atleta sinala a contribución do Corre con Nós á promoción do deporte na sociedade lucense *"Todas as actividades que inflúan en que a xente faga deporte son positivas. Neste sentido, o Corre con Nós foi unha iniciativa pioneira, case non existían probas destas características cando se puxo en marcha, e agora leva uns anos que segue cumprindo esa función de manter unha actividade deportiva ao longo do ano para toda a sociedade. Pero quizais, despois de tantas edicións, sería bo darlle unha volta, unha reformulación, para*



*evitar que se estanque",* reflexiona.

## Franciscanos, un referente do deporte escolar

O Colexio Franciscanos aposta por manter o deporte escolar nun escenario en que a práctica deportiva se ten trasladado maioritariamente aos clubs. As escolas deportivas reúnen uns 250 nenos e nenas, en 7 modalidades. O atletismo foi, e segue sendo, o deporte de referencia do centro, no que tamén foron gañando popularidade o baloncesto -onde veñen de proclamarse campións provincias de Segunda División Mini-basket Masculino- e o fútbol, as disciplinas con máis deportistas inscritos. Pero as escolas tamén abriron as portas a deportes minoritarios coma o xadrez ou o karate. Ademais, neste último curso, inauguraron seccións de ballet e pati-

naxe, dúas disciplinas que tamén viña demandando o alumnado e que comezaron con 12 e 14 inscristas, respectivamente.

Desde as escolas reivindican que nos colexios tamén se poden formar equipos competitivos, nos que os nenos progresen deportivamente. O palmarés da sección de atletismo acreditaos. Franciscanos é un club de referencia a nivel estatal nas categorías de menores, enviando todos os anos representantes a diferentes campionatos de España. *"Historicamente os mellores resultados conseguíamolos en fondo, logrando títulos a nivel nacional en campo a través, pero cada vez temos mellor nivel en diferentes disciplinas; probas combinadas, xabelina, marcha, mediofondo",* comenta Manuel Hurtado, que comezo no atletismo cando ía en terceiro de Primaria no colexio e



foi protagonista en primeira persoa dalgúns dos éxitos máis notables do club.

*"O feito de sermos un club de colexio ten aspectos positivos, sabemos que imos ter un número de licenzas estable, non varía excesivamente e iso,*

*a nivel de organización, á hora de facer previsións, é unha vantaxe, pero, por outro lado, iso limita o noso crecemento, aínda que temos algúns nenos de fóra do colexio, apenas representan o 5 por cento. Estas limitacións fan que, sobre todo nas categorías de máis idades sexa difícil*

*sacar equipos de pista".*

As maiores complicacións xorden na categoría sub 16, xa que é nesta idade cando os nenos se van enfocando á disciplina para a que teñen mellores condicións e na que se sinten máis cómodos.

# Arde • LVCVS

MMXVIII Fiesta de interés turístico nacional  
Festa de interese turístico galego

Venres  
15/06



23:59 h.

## II MVRVS LVCIS

“Castrexos vs Romanos”

125 Castrexos vs 125 Romanos  
correndo polo adarve da muralla



Inscripcións e regulamento ata o 11 de xuño en

[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

Organiza

Colabora

  
Concello de Lugo

Ven;  
es  
Lugo

  
Forus

## KUNG FU

**Hoxe. Porriño**  
CAMPIONATO GALEGO KUNG FU INFANTIL

Doce equipos alevíns e infantís do Club de Kung Fu da ANPA do Colexio de Cervantes, da Asociación Cultural Deportiva A Piringalla e máis do Club Kung Fu Lugo participan hoxe no campionato galego desta modalidade que se disputa no polideportivo municipal da localidade pontevedresa.

O torneo, que arrancará a partir das 17:00 horas, puntúa de cara a celebración do Campionato Ibérico desta modalidade deportiva.

## ATLETISMO



**Mañá. Parque de Frígsa.**  
CORRE CON NÓS. PARQUE DE FRÍGSA.

O circuito de carreiras populares celebra a súa derradeira proba no entorno do parque da Frígsa. A proba discorre a carón da Piscina Municipal e xunto ás diferentes instalacións deportivas, saíndo do recinto para aproveitar as avenidas anexas nun percorrido 100% de asfalto e cun perfil plenamente chan.

Será a últimas das batallas atléticas entre participantes para alcanzar a mellor clasificación final do circuito, tanto nas clasificacións individuais como na liga escolar e por equipos.

As carreiras, con percorridos adaptados a cada categoría e saída escalonada, seguen esta axenda.

11:00 h. Minibenxamín: 250 m.  
11:10 h. Benxamín e alevín: 750 m.  
11:20 h. Infantil e cadete: 1550 m.  
12:00 h. Adultos: 5500 metros.

Haberá duchas a disposición dos participantes na Piscina Municipal de Frígsa.

**Hoxe. Carballedo**  
IV CARREIRA POPULAR CARBALLEDO

Esta tarde celébrase en Carballedo a cuarta edición da Carreira Popular "Entre carballos centenarios", que conta con preto de 300 corredores e corredoras inscritos.

A proba presume dun percorrido por un paisaxe privilexiado, comezando na vila de A Barreia e seguindo por camiños de terra no interior do concello a carón de pequenos regatos e entre vexetación autóctona.

A proba absoluta, de 10 quilómetros de percorrido, arrincará ás 18:00 h. Desde unha hora antes, de forma escalonada, tomarán a saída chupetes, infantís e xuvenís.

**Hoxe. Pontevedra**  
CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN ALEVÍN E INFANTIL

Ampla representación do atletismo lucense nestes campioantos de categorías inferiores. Franciscanos, Lucus Caixa Rural, Atletica Lucense, Maristas, Maderas Barcia Lourenzá, Martínez Otero e O Pilar, de Foz, ou Atletismo Ribadeo engrosan a lista de atletas da Provincia nestas competicións que se celebrarán en horario de mañá e de tarde.

## BALONMÁN

**Hoxe. Lalín**  
CAMPIONATO GALEGO DE CLUBS ALEVÍN E BENXAMÍN

O CP Lucense representará ao balonmán lucense nestes campioantos que miden aos catro campións provinciais, e que se disputan no Lalín Arena.

## SURF



**Hoxe. Praia de Esteiro. Xove**  
ESTEIRO SURF OPEN

Uns 100 surfistas participan esta fin de semana neste campionato nacional de surf, organizado por Esteiro Surf Cafe e o Concello de Xove en colaboración coa Federación Galega de Surf e a Federación Española de Surf. Trátase da única proba da LALIGASURF que se celebra en Galicia, e unha das seis probas do torneo que se reparten por todo o Estado.

A competición, en mangas de 20 minutos, contará coa presenza de campións españois e europeos. Entre os participantes, destacan Sara Urresti, actual campioa do circuito vasco e líder do circuito español, Eric Rebieri, ex top 44 mundial e tres veces campión de Europa, moi coñecido polas súas olas en Nazare, Juanjo Fernández, do equipo Rip Curl, actual líder do circuito español e subcampión de España júnior, Dani García, catro veces campión de Europa máster e sénior ou Eneko Acero, campión de Europa e gañador dunha edición da prestixiosa Pantic Classic.

A proba tamén puntuará para o Circuito Galego nas categorías sub 18 (feminina e masculina) e máster. Ademais, en sub 18 contará para o circuito Fesurfing Júnior Series. Así mesmo, entrarán na competición as modalidades bodyboard e paddle-board.

## BOLOS CELTAS

10ª XORNADA LIGA PROVINCIAL

LOCAL	VISITANTE	DATA
Santalla	Meira Órrea	Mañá 16:00h
CBX Xove	Santa Marta	Mañá 16:00h
UDB Xove	Santa Marta	Mañá 16:00h
O Cadaval	Club Ribatra	Mañá 16:00h

## PATINAXE

**Hoxe. Lugo**  
2ª CONVOCATORIA TECNIFICACIÓN FGP

45 xogadores e xogadoras dos clubs galegos participan nesta xornada do Programa de Tecnificación da FGP que se celebra hoxe no pavillón Daniel Cordido, para formar parte das seleccións galegas Benxamín, Infantil e Feminina Sub-20 que participarán no Campionato de España no mes de xuño no País Vasco.

## AUTOMOBILISMO

**Sábado e domingo. Pazo de Feiras. Lugo**  
CONCENTRACIÓN TUNING & RACING CIDADE LUGO

O Pazo de Feiras e Exposicións acolle esta fin de semana a décima edición desta concentración dirixida aos amantes do motor, que chega con diversas novidades. Entre elas, unha exhibición de Drift, un espectáculo de conducción en circuito, ou un carrusel de vehículos Tuning con parada na Praza de Bretaña hoxe a partir das 22.00 h.

A actividade manterase durante toda a fin de semana cun concurso de audio profesional, máis de 100 trofeos, diferentes sorteos e unha zona de acampada cuberta.

## FÚTBOL

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
3ª División	At. Levante	RC Villaralbés	Valencia	Mañá 11:30h
Copa Pref/1ª	Viveiro	At. Escadrón	Cantarrana	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Club Lemos	O Páramo	A Pinguela	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Monterroso	Outeiro	Cerdeiriños	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Taboada	Foz	A Medela	Mañá 19:00h
Copa 2ª/3ª	Fonsagrada	SD Burela	G. Besteiro	Mañá 19:30h
Copa 2ª/3ª	Chantada At.	Brollón	Sangonedo	Mañá 18:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL VETERÁNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa	Sagrado C.	Cospeito	A Ponte	Mañá 11:30h
Copa	Taboada	Outeiro	A Medela	Mañá 11:15h
Copa	Parga	R. Fraín	N.Basanta	Hoxe 17:00h
Copa	Garabolos	Begonte	A Cheda	Hoxe 19:00h

**Mañá. Becerreá**  
COPA DEPUTACIÓN PREBENXAMÍN

O Municipal de Becerreá acolle a disputa da Copa Diputación da Segunda División Prebenxamín.

Piringalla A, EF Polvorín, CP Lucense, Piringalla B, Atlético Abuín, Auxiliadora, Ferroviaria e SD Becerreá xogarán polo título nun sistema de eliminatorias.

COPA DIPUTACIÓN PREBENXAMÍN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Preb. Copa	Piringalla A	Abuín	Becerreá	Mañá 10:00h
Preb. Copa	Auxiliadora	CP Lucense	Becerreá	Mañá 11:00h
Preb. Copa	EF Polvorín	Becerreá	Becerreá	Mañá 11:00h
Preb. Copa	Piringalla B	Ferroviaria	Becerreá	Mañá 10:00h

**Hoxe. Pepe Barrera. Ribadeo**  
TORNEO PREBENXAMÍN

Despois da celebración do Torneo Infantil a pasada fin de semana, o fútbol base segue a ser o protagonista da fin de semana en Ribadeo. O Pepe Barrera acolle hoxe o Torneo Prebenxamín, no que participarán 21 equipos galegos e asturianos.

Piringalla, Sagrado Corazón, María Auxiliadora, Villaralbés, Porto de Burela, Antas e Xove Lago, ademais do Ribadeo, serán os representantes lucenses no torneo. A final disputarase ás 21:00 horas.

**Hoxe e mañá. Gregorio Sanz. Ribadeo**  
TORNEO BENXAMÍN

O Gregorio Sanz acollerá o Torneo Benxamín, con 28 equipos en liza entre os que, ademais de equipos de Galicia, Asturias, Cantabria e Extremadura, haberá unha representación de clubs portugueses, Clube Atlético Avelarense, CD Gaiafut e FC Marinhas.

O torneo comezará hoxe coa disputa da fase de grupos, e continuará mañá coa disputa das últimas eliminatorias. A final será ás 17:45 horas no Pepe Barrera.

Piringalla, Casás, Villaralbés e Santiago de Foz completan a representación lucense nesta categoría.

## TIRO OLÍMPICO



**Mañá. Viveiro**  
CAMPIONATO PROVINCIAL TIRO OLÍMPICO

Uns 50 tiradores participan mañá no Campionato Provincial de Tiro Olímpico que se disputa no Club de Tiro San Roque de Viveiro, puntuable apra o Campionato Galego de regularidade.

A competición, que arrincará a partir das 10:00 horas, contará coa presenza de José Manuel Anido, socio do club, e vixente sucampión de España na categoría de veteranos, título logrado a pasada fin de semana en Madrid. Hoxe, a partir das 11:00 horas e ata as 20:00 horas, haberá adestramentos oficiais.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
CO DEPORTE

# SQUASH

**O CLUB SQUASH MONSTRUÍÑOS** organiza a primeira proba do Circuito Galego Júnior Borja Golán no que participarán 29 xogadores e xogadoras galegos



Hoxe celébrase en Lugo a primeira proba do Circuito Galego Júnior de Squash Borja Golán. O club Squash Monstruñños é o anfitrión desta primeira cita da competición, que ten como obxectivo fomentar este deporte de raqueta entre os máis novos e recuperar parte da afección que xerou en décadas pasadas.

Vintenoventa xogadores e xogadoras galegos – a metade deles do club Lucense– participarán na proba que se disputa no Pazo de Deportes, que conta con catro pistas de squash. Trátase de xogadores das categorías sub -13 e sub-23 que teñen no torneo unha oportunidade de seguir sumando puntos para o ránking oficial galego. No entanto, o interese que move aos promotores e organizadores do circuito vai máis aló destas metas clasificatorias. “Non se trata de que veñan os mellores, senon de ofrecer unha oportunidade de competir a todos, de fomentar a participación, que é clave para que os nenos e as nenas continúen practicando este deporte”, comenta Óscar Mon, de Squash Monstruñños.

El asumiu en primeira persoa o reto de popularizar o squash en Lugo creando, hai dous anos, o único club da Provincia que centra a súa labor nas xeracións máis novas. “Non había practicamente ningún neno xogando ao squash na cidade. Xogaba e adestraba aos meus fillos que estaban federados co Vigo Squash, e logo decidínme a sacar o título para poñer en marcha esta escola”, relata.

O club conta agora con 37 nenos e nenas aos que ofrece dous adestramentos semanais nas instalacións do Pazo dos Deportes. “A maioría alternan o squash con outros deportes, pero o certo é que os que proban, engánchense. É un deporte intenso, pero moi divertido, e os



adestramentos son moi participativos”, explica desde a súa perspectiva de adestrador e tamén de xogador. “Despois de moitos anos en que se abandonara a formación, estanse volvendo a crearse escolas e clubs, sobre todo aquí en Galicia e en Cataluña”.

Os nenos comezan a xogar en torno aos 8 ou 9 anos –“antes facemos sobre todo xogos de coordinación, que é un dos aspectos máis importantes deste deporte”, explica. “O maior número de xogadores, incluso a nivel galego, son nenos entre os 11 e os 18 anos, a partir desa idade, como sucede noutros deportes, continúan os que teñen mellores condicións e proxección”.

Cunha historia aínda breve, o palmarés de Squash Monstruñños é máis que prometedor con Hugo Mon –campión de España sub 11 en 2016 , campión sub 13 en 2017 e quinto en sub 15 este mesmo ano-, Olivia Mon –subcampioa de España sub 11- ou Antía Pernas –subcampioa galega-. A última exhibición do músculo do club foi o campionato galego celebrado en marzo en Lugo.



**Un circuito inspirado na figura dun xogador para a historia**

A de hoxe é a primeira das catro probas do Circuito Borja Golán, que vai pola oitava edición, e na que Lugo e Santiago se reparten a organización. Así, despois da vindeira cita, en Santiago de Compostela, a Squash Monstruñños volveralle corresponder a organización da terceira proba. O torneo pecharase de novo en Santiago de Compostela, o 15 de decembro.

A competición toma o nome dun xogador para a historia, Borja Golán, que suma dezaseis campionatos de España consecutivos e un campionato de Europa, logrado en 2016, converténdose entón no primeiro español en lograr o título continental. O pasado mes de abril chegou aos 500 partidos no circuito internacional PSA no que chegou a acadar o posto número 5. Considerado o mellor xogador español de todos os tempos, o santiagués é, sen embargo, un referente cercano para os xogadores galegos, xa que se iniciou neste deporte no Squash Santiago de Milladoiro cando tiña 9 anos.



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
CO DEPORTE

